

## Casa Grande de Vista Real

050004

### Datos de Localización

Casa Grande

<b>Nomenclator:</b>	3207701
<b>Coord. UTM:</b>	X: 60056452 Y: 466288467
<b>Concello:</b>	Sandiás
<b>Parroquia:</b>	COUSO DE LIMIA
<b>Lugar:</b>	Cerredelo
<b>Tipoloxía:</b>	Arquitectura Civil
<b>Tipo:</b>	Casas Grandes
<b>Subtipo:</b>	<b>Casa Grande</b>



**Denominación:** Casa Grande de Vista Real

**Etapa Histórica:** Indeterminada

**Estilo relevante** Popular

**Outros Estilos:**

**Descrición:**

Os veciños da aldea coñecen o edificio como a "casa de Vista Real" ou "a casa grande". Hoxe a construción está profundamente alterada, só vendo o edificio pola parte posterior se poder facer un unha idea do que foi no seu día. Está dividida en cinco familias e á primitiva construción fóronsele adosando novas vivendas sen ningún tipo de control.

Consta de baixo e unha pranta alta, parte das paredes están realizadas en pedra de cachotería e outras partes en perpiaños, uns máis regulares ca outros. Contaba con varios portalóns alintelados, aínda que na actualidade só conserva dous.

Se se observa a casona dende a fachada posterior pódese apreciar como a súa pranta debuxaba un "U". No primeiro andar do edificio, un amplo corredor percorría todo o perímetro da construción, estaba apoiado en columnas de pedra, de feito catro delas inda se aprecian tendo man de parte dunha das vivendas anexas. As columnas constan de basa, fuste poligonal e capitel truncopiramidal invertido con varias molduras rectas escalonadas. Nas inmediacións aínda quedan algunhas das basas das columnas que no seu día foron retiradas.

Os muros contan cun reducido número de vanos de diferentes tipoloxías que van dende fiestras comúns, ata portas de aire pasando polas típicas bufardas. Destacan dúas chemineas cadradas coroadas cada unha delas en tres pináculos rematados en bolas -a unha fáltalle o pináculo central-. A cuberta dos diferentes volumes que conforman o edificio son variadas e o material empregado tamén, destacando a tella francesa e a tella romana.

Segundo información dunha das herdeiras, a propiedade contaba con dous escudos "*un cunha coroa real e unha serea e outro que xa non me acordo*" que foron vendidos no século pasado.

No soto próximo á casona que era propiedade da mesma erguíase a capela na honra de Santo Tomé.

### DOCUMENTACIÓN:

-Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do Concello de Sandiás. Clave de identificación: AC-3

### Características Construtivas

**Plantas:** B+1

**Edif. Anexas:** O complexo que formaba a "casa grande" ou "casa de Vista Real" foi repartido en cinco cupos diferentes, de xeito que á primitiva edificación fóronse adosando outras vivendas e construcións auxiliares en total desacorde coa estética do edificio.

**Mat. Fachada:** Granito

**Mat. Estrutura:** Granito

**Mat. Cuberta:** Tella

**Elementos singulare**

**Construtivos:**

**Decorativos:**

## Delimitación do Ben e da contorna

**Situación:** Outros

**Area de Protección:** 100m.

## Protección

**Tipo de ben:** Inventariado

**Proposta de tipo de ben:**

**Estado de Tramitación:** Declarado

**Nivel de Protección Arq.:** Integral

**Proposta Nivel de Protección Arq.**

**Grao de Protección Arq.:** ----

**Proposta Grao de Protección Arq.** ----

**Xustificación da Protección:**

**Titularidade**

**Polígono:**

**Parcela:**

## Conservación-Intervención

**Estado de Conservació** Regular

**Uso Actual:** Habitacional

**Alteracións Morfolóxicas**

**Tipo:**

**Data:**

**Descrición:**

**Proxecto:**

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles

---













